




De Radua



A mis padres  
José Manuel Parada López y  
M<sup>ra</sup> Cristina de Padua Fernández

De Padua



Concello de  
**OURENSE**  
Concellería de Cultura

Edita  
Concello de Ourense  
Concellería de Cultura

Alcalde de Ourense  
Agustín Fernández Gallego

Concelleira de Cultura  
Ana M<sup>a</sup> Garrido Rodríguez

Directora do Museo Municipal,  
coordinadora da exposición e catálogo:  
Eva Torres Rodríguez

Coordinación de datos,  
montaxe e manipulación:  
Etelvino Álvarez Rodríguez  
Manuel Nieto Castro  
Roberto Antonio Alfonso  
Marcelo Bernabé Pérez Rodríguez

Concellería de Cultura,  
Servizo de Normalización lingüística,  
Concello de Ourense  
Mónica Fernández Valencia

Textos  
© Diana Martínez Castro  
© Eva Torres Rodríguez

Traducción o Inglés  
© M. Foltz

Fotografía  
© Eduardo Núñez (cadros)  
© José Manuel Parada López (paisaxes)


Contacto artista:  
depaduac1@gmail.com

Deseño e maquetación:  
Planos Publicidade

Impresión  
Imprenta

Deposito legal:

ISBN: 978-84-87623-92-9



Na procura da firmeza do proxecto museístico, no que estamos a traballar desde o Concello de Ourense, presentamos nesta ocasión a obra de Cristina de Padua. Artista que forma parte do Museo desde 2004, crea, os elementos visuais constituíndo, a substancia básica do que vemos, plasmando unha cor que conforma todo o que crea en movemento xestual pictórico.

Bo exemplo é o que presentamos nesta exposición, na que nos mostra a súa derradeira colección e ademais as obras que o Museo posúe nos “Nosos Fondos”, correspondentes ao n.º1124 “Sobrevivir” e o n.º 1216 “Sen Título” do Inventario Artístico Municipal.

Muller e artista, un compendio de sensibilidade e respecto máximo pola materia prima da que xorde, no momento menos esperado a obra mellor finalizada, da que nos mostra o punto exacto, as formas, contornos, direccións, texturas, a curva e movemento das súas espirais que a caracterizan, da cor coa que traballa desde os pinceis e que se achega a nós, en forma de beleza artística.

Este proxecto Expositivo resposta a unha programación anual da cultura artística da cidade e que xorde desde obra que custodiamos nos Fondos do Museo Municipal de Ourense, o Museo de todos os Ourensáns.

Agustín Fernández Gallego  
Alcalde de Ourense

## Entre o orfismo e a abstracción orgánica

Nas obras de De Padua a primeira vista encontramos unha harmoniosa tendencia colorista e abstracta, primando sobre os seus lenzos as formas, a cor e a luz. Mais se profundamos nas súas producións, estas lémbrennos as de grandes mulleres como a rusa Sonia Delaunay, pintora relevante do Cubismo Órfico, ou á sueca Hilma af Klint, descubridora da Abstracción e rompedora coa linguaxe figurativa antes de que o fixese o propio Kandinsky. Sabendo isto, a obra da artista galega enmarcámola entre o Orfismo e a Abstracción Orgánica.

O Orfismo preocúpase de recrear novos conxuntos, emprega para iso elementos que non pertencen á realidade visual, senón formas e elementos creados pola propia artista e pertencentes ao seu imaxinario. Por outra banda, a Abstracción Orgánica, tamén coñecida como Abstracción Biomórfica, non considera necesaria a representación figurativa, descompón os elementos e dótaos de novos significados, dunhas linguaxes propias da autora. Á súa vez, a Abstracción Orgánica, representa obxectos que recordan a natureza, elementos biolóxicos, vemos nas obras de De Padua formas redondeadas e curvas. A Abstracción Biomórfica, a diferenza da Abstracción Lírica, si posúe un tema, aínda que non é evidente no seu discurso, o cal crea ambigüidade no espectador. A natureza non é perfecta, co que xenialmente emprega a creadora o movemento e a asimetría nas súas composicións para darlles maior forza.

Na paleta da nosa artista observamos tonalidades propias do

mundo natural, pero á súa vez, un gran contraste entre elas. O seu xogo de cores lémbrenos a Arte Psicodélica, que é unha verdadeira manifestación artística da alma. As manifestacións artísticas psicodélicas teñen unha estreita relación co ritmo e a música, ao ritmo e a música, ao igual que a personaxe da mitoloxía grega, Orfeo, que polo seu extraordinario dominio da lira, representa a conxunción da poesía e a música. Orfeo, á súa vez emparentado, co Cubismo Órfico e polo tanto co Orfismo.

As formas pensadas pola creadora, son brandas e sinuosas, parecen estar flotando e movéndose nos seus lenzos, como mexidas pola auga ou o vento, acurrunchadas na imaxinación de De Padua. Pois nos están expresando estes elementos orgánicos a máis pura emoción pictórica da artista, achegándonos aos seus soños e fantasía.

En De Padua encontramos unha arte con certa dose de misterio, o que fai cuestionarse ao espectador sobre o que está a observar e dialogar á súa vez coa propia obra. As creacións da pintora móstrannos novas realidades, fálannos do noso mundo, mais á súa vez doutros mundos aínda por coñecer. Mergúllannos estas obras no imaxinario da artista, transpórtannos a outras realidades e apréndennos que todo é posible.

Diana Martínez Castro  
Historiadora da Arte

## Between orphism and organic abstraction

In the works by De Padua, the first impression we get is one of colourful and abstract harmony, with a predominance of form, colour, and light. However, when we look more closely at her paintings, we find them reminiscent of works by such great women artists as Sonia Delaunay, an important painter of Orphic Cubism, or the Swedish painter Hilma af Klint, who discovered Abstraction and broke new ground with figurative language even before Kandinsky did. With this in mind, we can say that this Galician artist's works lie somewhere between Orphism and Organic Abstraction.

Orphism is concerned with creating new combinations—making use of elements that do not belong to visual reality, but rather using forms and elements created from the artist's imagination. Organic Abstraction, also known as Biomorphic Abstraction, does not rely on figurative representation. Instead, it decomposes the elements in the painting, affording them new meanings and languages unique to the artist. At the same time, Organic Abstraction uses biological elements, objects that remind us of nature. For instance, in De Padua's works we see rounded and curved forms. Biomorphc Abstraction, as distinct from Lyrical Abstraction, has an underlying theme that is not evident at first viewing, which creates a sense of ambiguity in the observer. As nature is imperfect, De Padua cleverly uses movement and asymmetry in her paintings to give them greater protagonism.

In De Padua's palette we observe hues generally found in nature, yet these colours are used with great contrast among them. The

way this artist plays with colour reminds us of Psychedelic Art, which is a true artistic manifestation of the soul. Psychedelic artistic manifestations are closely related to rhythm and music, just like the Greek mythological character, Orpheus, whose great talent at playing the lyre exemplifies this connection between poetry and music. Orpheus is thus associated with both Orphic Cubism and Orphism.

The forms used by De Padua are soft and sinuous. They appear to be floating and moving along the canvas as if rocked by water or wind, curled up comfortably in the artist's imagination. These organic elements are an expression of the artist's purest pictorial emotion, drawing us into her dreams and fantasies.

De Padua's works portray a certain amount of mystery, which makes the observer question what he/she is seeing and dialogue with the painting at hand. Her paintings reveal new realities, at the same time talking to us about our world and about worlds we do not yet know. These works submerge us in the artist's imagination, transporting us to other realities and showing us that anything is possible.

Diana Martínez Castro  
Art historian
















re Sacha 10














De Padua 10









## Soños de cor

Desde a creación da irracionalidade, os soños e os instintos máis arraigados, de Padua motiva a súa inspiración de artista na interpretación das súas vivencias, así mesmo na súa obra podemos atopar antecedentes do surrealismo e a psicoanálise de Sigmund Freud, sobre o inconsciente que nos amosa coa representación de fortes pinceladas de cores puras que se converten en poética surrealista baseada nun soporte xerador de imaxes claras e creativas.

Mostra a súa icona pictórica desde unhas espirais pigmentarias, que semellan campos magnéticos, onde o ser humano non obxectiviza a realidade senón que forma, a Arte, nesas esferas que comunican directamente a artista co mundo .

Trata cada cor desde a súa propia luminosidade provocando coa aplicación da veladura o cambio desta ao longo do proceso. O amarelo é máis luminoso que o violeta, o azul parece brillar cando reducimos a luz exterior, o vermello escurece e aclara en función da posición e sensibilidade do espectador....

De Padua, á marxe de calquera preocupación moral ou estética, premia a comunicación da súa pintura coas olladas sinceras apaixonadas do público.

Eva Torres Rodríguez  
Dirección Técnica Espazos Museísticos







6-7

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
base de spray de  
graffiti

100 x 100 cm.



12

Oleo e plástica  
sobre lenzo,  
con corda sobre  
base de spray de  
graffiti

120 x 80 cm.



16-17

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
plata, corda e  
pedra pómez,  
sobre base spray  
de graffiti

130 x 97 cm.



19

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
mica, sobre base  
spray de graffiti

40 x 20 cm.



10

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
pedra pómez  
sobre base de  
spray de graffiti

92 x 73 cm.



14

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
pedra pómez  
sobre base de  
spray de graffiti

79,5 x 59,5 cm.



18

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
mica, sobre base  
spray de graffiti

59,50 x 39,50 cm.



22-23

Oleo e plástica  
sobre lenzo, pedra  
pómez

130 x 97 cm.



11

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
pedra pómez  
sobre base de  
graffiti

65 x 60 cm.



15

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
pedra pómez  
sobre base de  
spray de graffiti

79,5 x 59,5 cm.



19

Oleo e plástica  
sobre lenzo, con  
mica, sobre base  
spray de graffiti

50 x 29,20 cm.



24-25

Oleo e plástica  
sobre lenzo, pedra  
pómez e mica,  
sobre base spray  
de graffiti

79,5 x 100 cm.



**26-27**

Oleo e plástica  
sobre lenzo,  
pedra pómez e  
corda, sobre base  
spray de graffiti

100 x 80cm.



**32-33**

Oleo e plástica  
sobre lenzo,  
pedra pómez e  
pasta de óxido,  
sobre base spray  
de graffiti

120 x 9,5 cm.



**38-39**

Óleo sobre lenzo

100 x 81 cm.



**42-43**

Óleo sobre lenzo

90,5x59,5 cm.



**28-29**

Oleo e plástica sobre lenzo, pedra pómez e  
corda, sobre base spray de graffiti 128 x65 cm.



**34-35**

Oleo e plástica  
sobre lenzo, pasta  
de óxido, sobre  
base spray de  
graffiti

130 x 89,5 cm.



**40**

Óleo sobre lenzo

50 x 130 cm.



**30-31**

Oleo e plástica  
sobre lenzo, pedra  
pómez, sobre base  
spray de graffiti

100 x 90 cm.



**36**

Oleo e plástica  
sobre madeira y  
pedra pómez

100x100 cm.




**40-41**

Óleo sobre lenzo

146 x 97 cm.



depaduac1@gmail.com



ISBN 978-84-87623-92-9



9 788487 623929



Concello de  
**OURENSE**

Concellería de Cultura